



Para toda a vida





1ª edición. 1ª impresión, 2020

© Eva Moreda, 2020

© Aira editorial, 2020
Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz
aira@airaeditorial.gal
airaeditorial.gal

ISBN: 978-84-121324-7-2
Depósito legal: OU 219-2020

Accede á nosa web con este código e participa nos sorteos e promocións especiais para a comunidade lectora da Aira.



Deseño e maquetación: Miguel Mosquera.
Fotografía de portada: © Marcos Atrio.
Impresión e encadernación: Norprint.

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, de todo ou dunha parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen autorización.





PARA TODA A VIDA

EVA MOREDA



Aira





Os sábados de noite, volvendo de saír, sempre atallabamos meu irmán e mais eu por detrás do Laboral; logo calabamos con vergonza e picardía (eu máis vergonza, el máis picardía) cando escoitabamos as parellas a foder dentro do recinto: así todos os sábados da adolescencia en Viladrive. Sempre daba en dicir para min con desaire que xa pouco me quedaba de escoitar parellas foder; a aturar quedarían outros todo o tempo que a moda durase, que había ser abondo, porque as cousas eran así sempre en Viladrive: duraban toda a vida. Algunha vez llo dicía a Mauro, meu irmán, e el contestaba con retranca, algunhas veces mesmo dándolle a risa: Xa pouco che quedará; non te aceleres tanto, ho, Paula. E tiña razón, porque me pasaron os anos máis rápido do que contaba e marchei de Viladrive; desde aquela, como cando volvo non saio os sábados pola noite nin paso a carón do Laboral, esqueceume a moda das parellas. Lembroume agora, porque agora estou eu no recinto, a foder, e con Daniel. Volviamos os dous de cear e de saír despois con outra xente, logo separámonos deles





e Daniel levoume da man para dentro da casa dos conserxes: así é como aínda se lle chama, aínda que nunca coñecín eu un conserxe que vivise alí, porque aínda sendo eu cativa a xente xa non quería vivir así, coa casa e o traballo pegados, sen ter para onde escapar. Cando andaba eu polos dez anos apareceu un día a casa coa porta rebentada, e así quedou ata hoxe (*os drogadictos*, dicía todo o mundo, dicía tamén mamá): por esta porta rebentada entramos esta noite Daniel e mais eu, e xa non pasamos do recibidor. Arrecostámonos, quitamos a roupa a medias e bótouse contra min sen cerimonia: con fruición. Aos dous, tres minutos deu en gustarme máis do que me gustaron nunca estas cousas, e así estamos. Rematamos ao pouco –remata el– e chouta para poñerse de pé mentres vai abrochando os pantalóns. Logo agárrame da man para que me poña de pé eu tamén.

Haberá máis de dez anos que Daniel e mais eu cadramos na mesma pandilla en Viladride, aínda que non sempre: eu andaba na pandilla máis ca el. Teresa, que tamén estaba no grupo, mandou un WhatsApp esta tarde e díxome que amañaran todos para saír de cea hoxe: porque é Nadal e é a mellor época para nos coller a todos en Viladride. Eu non quería pero xa me tivo que dicir papá, cando volveu para a casa de facer recados e me atopou no estudio: *Vai liscando: tanto ler. Non hai vez que non entre na casa e non te atope aí*





*a ler. E haberá que descansar a cabeza un pouco tamén: ou que. Á cea veu tamén Daniel, aínda que el non sempre andaba connosco na pandilla: era amigo do irmán máis vello de Teresa e ás veces xuntábanse os dous cos demais se non daban atopado coche para saír noutro sitio, que daquela había outros sitios máis de moda para saír ca Viladride. Antes xa o coñecía do colexio, de vista nada máis, que ía seis cursos por diante. Algunha daquelas noites de pandilla pensara, mirando para Daniel: *E se?* Daquela pensábao seguido, con moitos rapaces, algúns xa homes; logo facer non facía nunca nada. Agora, os dous a saír da casa dos conserxes cos abrigos aínda na man, volvo pensar: *E se?* Daniel era moi delgado; nos últimos anos ancheou algo, non moito tampouco. Penso: *E se?*, pero xa sei que non.*

–Marchas mañá? –pregunta mentres esvaramos da reixa para fóra.

–Marcho.

–Non quedas para Reis?

–Non hai Reis alí.

–E cando volves por Viladride logo?

–Non sei.

–Para o Entroido?

–Non hai Entroido.

–Vés pouco ti por Viladride.





Di, non pregunta, e eu non contesto. Non é tampouco a primeira vez que me din así en Viladrive e nunca sei o que será mellor contestar. Eu penso que volver volvo abondo ou mesmo de máis, pero isto nunca o digo.

–Xa levarás por aí cinco ou seis anos, ben sei.

Fai amago de poñerse no lado de fóra da beiravía pola estrada xeral adiante, para que non pasen canda min os coches, que xa a esta hora empeza a xente a volver para a casa.

–Doce. Díxeno xa na cea, antes de entrarmos no sitio.

–En Londres sempre, claro.

–En Londres só nove. Antes en Guildford.

–Non sei iso onde estará.

De Guildford non sabía ninguén tampouco en Viladrive cando marchei para aló; non sei se agora, que a xente moza de Viladrive é algo máis viaxada, saberán algo máis. Daniel non viaxa tanto e seguiu vivindo aquí: vivir vive en Coruña de semana, pero todos os venres volve. Cando me di de Guildford, non lle contesto. Seguimos a camiñar, da xeral collemos á esquerda e chegamos canda o camiño sen facer que vai abocar do outro lado á rúa onde viven meus pais. Decía a xente desta zona cando aínda iamos Mauro e mais eu ao instituto: Axiña vai abrir o Concello o camiño, que menos, pero non o abriu; seguiu





pasando a xente e pisando e agora xa é como unha corredeira de ancho, aínda que aberto non está.

Váleme ben aquí, dígolle a Daniel. Dígolle adeus coa cabeza e ningún dos dous fai amago de inclinarse para dármonos un bico, unha aperta; quedará para outra vez, penso, aínda que xa sei que non.

Saco a chave e, antes mesmo de que poida metela na pechadura, ábreme a porta mamá: igual que cando volvíamos de saír Mauro e mais eu, que a chave nin nos deixaba levala. Desta vez debeu oírme abrir a cancela desde o cuarto. Quero quedar seria e quedo, aínda bebendo tanto como bebín. Mesmo así, dou sentido un moverse calado dentro da casa, algunha luz que non lle toca estar, un aquel de que cheguei á hora que non era. Mamá está seria tamén; ponse de puntas e levántame a man. Báixaa, pero non malla en min (é verdade que mallar nunca me mallou; tampouco a Mauro): báixaa para meterma no peto e sacarme o móbil. Ponmo diante: leva apagado desde que Daniel me dixo, con *nonchalance*, de írmonos dar os dous unha volta por aí, xa irán aló dúas horas.

–Onde te metes, Paula? –pregunta–. E o teléfono para que o tes, Paula? Vai para o cuarto grande darlle un bico a teu pai, Paula: andas por aí, por Viladrive adiante, con teu pai aquí na casa defunto.

